

PREGÓN DA XIV FESTA DO CALDO

MOURENTE 13/03/2005



RUBÉN RIÓS

PREGÓN FESTA DO CALDO.

Bos días para xente que non esté en pecado, e boas tardes para xente que é pecadora. Explicome cando digo bos días falo para xente que aínda non comeu cando digo boas tardes falo pra aqueles que xa comeron e acercarse hoxe a Mourente co bandullo cheo é un pecado. Benvidos un ano máis a XIV festa do caldo galego en Mourente. Neste día tan especial no que este ano me escolleron a min pra dalo pregón, podovos decir que me sinto moi orgulloso e moi agradecido por formar parte deste bonita festa. Hoxe non vou ser eu o protagonista por moitas verbas que fale aquí arriba, o meu entender hoxe hai tres protagonistas: Toda esa xente que con tanto agarimo se encarga de que todo este a punto pra cando chegen vostedes os visitantes que tamén son protagonistas porque sen a súa presenza nin esta nin outras festas gastronómicas serían posibles. E faltanos nombrar o último e gran protagonista de hoxe. "O CALDO GALEGO". Desde o meu punto de vista a comida galega por antonomasia. Non sei se se pararon algunha vez a pensar pero o caldo galego crece con tódolos nos e está presente en tódalas etapas da vida dun galego. Nesa primeira etapa cando somos uns cativos que che berra tua nai: "Anda fillo veña a comelo caldo" e respondelle o fillo " Non, non quero caldo non quero". Unha segunda etapa da nosa vida xa cando somos mozos, entra en casa o fillo vai mirar a pota e preguntalle a nai "Mama e logo hoxe non fixeches caldo?" " Non tiven tempo fillo" a resposta do fillo é inmediata "Bo". E a terceira e última etapa e cando ves a

unha señora de 70,80 ou 90 anos, que apenas lle quedan forzas pero aínda sege gardando unhas pouquiñas pra porse catro horas trala pota e facer un bo caldo. Desde aquí pido un forte aplauso pra toda esa xente.

Cambiando un pouco de tema outro día mirando unhas estadísticas había unha que me chamou moito a atención porque nela poñía que so o 40% das mulleres galegas estaban satisfeitas na cama cos seus maridos. E claro eu como bo galego que son quedei fastidiado e veume a cabeza unha señora do meu pobo que sempre decía que contra o engatillamiento masculino unha cunca de caldo e dúas de viño. Resulta que esta señora tiña un marido que non lle respondía moi ben na cama. Un bo día foron os dous o médico. E segun entraron na consulta xa lle saltou a muller o médico “ Mire doutor temoslle un grandísimo problema o meu marido no me da feito.¿que podemos facer?. E dixolle o médico “pois eso chamase engatillamiento masculino, pra matalo unha cunca de caldo e dúas de viño. Chegaron a casa e a muller puxolle na mesa catro cuncas de viño e sete de caldo e dixolle el !no será moito muller?” E dixolle ela é millor que rebentes ca que me teñas así”. E así todos os días. Pasou unha semana eo carallete non respondía. A muller sen que se enterara o marido volveu o médico e dixolle “mire señor médico nin caldo nin viño o carallo siguelle fodidiño”. E o médico recetoulle unha caixa de viágras bueno chegou a noite a muller nunca tanto disfrutara e apartir dese día tódolos días tocaba a gloria. E dixolle un día a marido “oes o caldo e barbarísimo pro engatillamiento”. E

saltalle a muller “ O que é barbarísimo son as fabas que lle estou botando”
“elo que fabas lle estas botando” preguntou o marido “Unhas que me
recetou o médico”.

E hoxe, poden estar tranquilos que o caldo vai levar fabas e non viabras
porque senón en vez da festa do caldo sería a festa do polvo.

A continuación vou bendecir as cuncas de caldo que hoxe imos degustar:

O Caldo Noso.

Caldo noso que estás na pota santificado sexa o teu nome
Veña a nos o teu sabor e fágase a tua vontade na cociña
De ferro coma na cociña de gas. Danos hoxe o pan de cada
Día pra poder mollalo en ti. Perdoa os nosos gases como
Tamén nos perdoamos os dos outros. Non nos deixes cair
Na comida basura e libranos do correstero. Amén.

POEMA

Nesta festa gastronómica
Orguloso estou de selo pregoeiro
Polo trato cuido e caldo verdadeiro
Do caldo veño a falar
E claro está a probar
¿Que me gustará máis falar ou probar, probar ou falar?
Falar e falar é a miña profesión

Probalo caldo non é profesión
Pero no momento que o probas
Din que se convierte nunha devoción.
Nesta terra hoxe brindannos
A todos acollida festa e comida
¿Que máis se pode pedir?
Pidamos que paz e alegría
Estén presentes en Mourente
Tódolos días.
Gracias os asistentes
E veciños de Mourente.
Moitos problemas tivo Santiago Laya
Pra que esta festa se celebrara
Gracias a el non foi o garrete
E este aplauso lle damos porque o merece.
A miña noraboa pros premiados e homenaxeados
Empezando por Francisco Barbeito
Que co cristal moito leva feito.
Benjamin Camiña Garrido
A insignia douro hoxe vai contigo
E tena merecida polas palomas
E polo moito que el a sua muller traballaron

Pois sete fillos lograrón.

Requera Repiso coa tua colaboración

Esta festa e un diversión.

Adolfo Amicar hoxe nos está a visitar

Esperemos que lle guste e contento este o marchar

Graciñas pola tua voz e presenza Luis Rial

Contigo as festas non van mal.

Hoxe tamén están aquí meus pais

Que moito me queren

E eu os quero máis.

Cinco amigos teño nesta terra

Maika, Rato, Angel, Juan e Miro

Que hoxe a comelo caldo viñeron

¡Carallo que ben fixerón!

Sin máis darvos as gracias

Por este ano contar connigo.

E non quero marchar

Sen antes comer e con todos falar

Douvos un consello e non é

Dun novo que é dun vello

Comede do caldo

Bebede do viño

Pero todo con cariño.

Rubén Ríos